

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 27 DE OUTUBRO DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a necesidade de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras, declaradas de emerxencia, para a actuación fronte ao esvaramento na estrada OU-533 entre os PP.QQ. 48+160 e 48+295, de clave: OU/16/235.02, no concello de Petín.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para a implantación da Historia Social Única Electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Informe sobre a nova regulación dos Centros de Información á Muller, despois da entrada en vigor do Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre o calendario para a aprobación do proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: actuación fronte ao esvaramento na estrada OU-533 entre os PP.QQ. 48+160 e 48+295 no concello de Petín, por un importe de cento cincuenta e catro mil setecentos corenta euros con sesenta e un céntimos (154.740,61 €).
- Informe sobre o Plan de vialidade invernal da Xunta de Galicia 2016-2017.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o sistema intelixente para a xeolocalización de usuarios en edificios.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da execución do programa Xantar na Casa, do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a ampliación orzamentaria da Orde do 23 de decembro de 2015, pola que se convocan para o ano 2016 as axudas para apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas para os agricultores mozos, e para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014_2020.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO DE EXPROPIACIÓNS PARA A MELLORA DA ESTABILIDADE DUN NOIRO DA OU-533 NO CONCELLO DE PETÍN

- *As obras, que teñen un prazo de execución de dous meses, suporán un investimento de case 150.000 euro e foron adxudicadas á empresa **Explotaciones Medioambientales***
- *O tramo obxecto da actuación vai entre os puntos quilométricos 48+160 e 48+295 da vía, que comunica as localidades ourensáns da Gudiña e A Rúa, nas proximidades da intersección coa estrada autonómica OU-636*
- *A estrutura de contención será executada na zona de dominio público da estrada, pero o terreo dispoñible non é suficiente para dotar o noiro da pendente axeitada e evitar probables esvaramentos, o que fai necesario expropiar preto de 3.000 m² da parcela colindante*

O Consello da Xunta aproba o decreto polo que se fai público a expropiación dun predio necesario para mellorar a estabilidade dun noiro en desmonte existente na marxe esquerda da estrada OU-533, no concello de Petín. O tramo obxecto da actuación vai entre os puntos quilométricos 48+160 e 48+295 da vía, que comunica as localidades ourensáns da Gudiña e A Rúa, nas proximidades da intersección coa estrada autonómica OU-636.

As obras, que teñen un prazo de execución de dous meses, suporán un investimento de case 150.000 euros e foron adxudicadas á empresa *Explotaciones Medioambientales*.

O pasado mes de marzo de 2016 produciuse un esvaramento do noiro, o que supuxo que, na actualidade, presente unhas características que poden xerar situacións de risco potencialmente perigosas para a seguridade viaria.

A estrutura de contención será executada na zona de dominio público da estrada, no entanto, o terreo dispoñible non é suficiente para dotar o noiro da pendente axeitada para evitar probables esvaramentos, o que fai necesario expropiar preto de 3.000 m² da parcela colindante á estrada autonómica.

Características da actuación

As obras, que foron declaradas de emerxencia pola Xunta de Galicia, consistirán na construción dun muro de dique para contención do material e que servirá como protección da estrada e no retalzado do noiro, dándolle unha pendente inferior á actual para evitar novos correntamentos. Este elemento terá de tres metros de altura media e 80 m de lonxitude, tras o que se procederá ao recheo do trasdós con material filtrante envolto nun xeotéxtil.

Está previsto retaluzar o noiro, dándolle unha menor pendente cá actual para mellorar a súa estabilidade. Así mesmo, para conseguir unha mellor evacuación das augas pluviais, colocárase un tubo dren e executarase un foxo na coroación do muro.

A XUNTA EXTENDERÁ O USO DA HISTORIA SOCIAL ÚNICA ELECTRÓNICA A PRETO DE 40 CONCELLOS ESTE ANO

- *É unha das medidas do Plan Trabe para a modernización dos Servizos Sociais, impulsado pola Amtega e a Consellería de Política Social*
- *Asinará un convenio coa Fegamp para facilitar a súa implantación nos municipios galegos*
- *A HSUE proporciona aos traballadores desta área social, tanto a nivel autonómico como municipal, un acceso único ao expediente social dixital de 365.000 usuarios*
- *Integra nun mesmo sistema todos os datos relativos á historia social do individuo*
- *Emprega a numeración da tarxeta sanitaria para identificar o usuario e é o primeiro paso cara á futura historia sociosanitaria, que permitirá a completa rastrexabilidade da información do cidadán en ambos os sistemas*

Un total de 36 concellos empregarán a Historia Social a Única Electrónica (HSUE) ao remate de 2016. É o primeiro obxectivo dun convenio de colaboración que asinarán proximamente a Axencia para a Modernización tecnolóxica de Galicia (Amtega), a Consellería de Política Social, a Vicepresidencia da Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para facilitar a implantación da HSUE nas entidades locais.

Este marco de colaboración facilitará a difusión desta plataforma entre as entidades locais, así como a planificación conxunta e a coordinación das actuacións para axilizar a súa implantación.

A HSUE, que se está a pilotar desde xullo nos concellos de Boqueixón, Brión, Tordoia e Viveiro, permite aos traballadores sociais acceder ao expediente social de 365.000 usuarios en formato electrónico.

Melloras na xestión

A extensión da Historia Social Única Electrónica (HSUE) supón un fito no eido dos servizos sociais similar á posta en marcha da Historia Clínica no eido sanitario ao integrar nun mesmo sistema todos os datos relativos a historia social do individuo, incluíndo a situación persoal, social e familiar; as súas demandas, prestacións, servizos e recursos, así como as valoracións, intervencións, seguimento e avaliación por parte do sistema de Servizos Sociais, ademais de información referente a profesionais e a institucións e organizacións que interveñen nestas.

O novo sistema permite automatizar a compartición de toda esta información e documentación asociada entre os departamentos que xestionan as distintas prestacións e servizos, o que evita a duplicidade, reduce erros de xestión e mellora a calidade da información.

A plataforma proporciona unha identificación unívoca dos cidadáns, ao empregar a numeración da tarxeta sanitaria e garante a seguridade no acceso á información a través do uso de certificado por parte dos profesionais, que accederán só aos datos e información necesaria para o desenvolvemento do seu labor.

Vantaxes para os usuarios

Os cidadáns percibirán as vantaxes do novo sistema na simplificación das tramitacións, e nunha atención máis persoalizada, xa que o profesional terá acceso, de xeito inmediato, á información máis relevante do seu historial, tanto de servizos como de prestacións ou recursos asignados.

Ademais, facilitará unha atención máis proactiva, grazas a un sistema de alertas e subscricións que avisa o profesional de calquera cambio no historial da persoa para que poida actuar de maneira inmediata.

Plan Trabe

O Plan Trabe para a modernización tecnolóxica dos servizos sociais, dotado cun orzamento de 19,7 millóns de euros en cinco anos, é un instrumento de apoio á planificación estratéxica deste área clave para a comunidade, que xestiona a atención e as prestacións dun terzo da poboación.

Coa integración das TIC na xestión dos servizos sociais, a Administración autonómica busca mellorar a súa eficiencia para garantir á sustentabilidade do sistema e incrementar a súa capacidade para dar cobertura a unha demanda que está en aumento. Ademais, a modernización da xestión permitirá reducir tarefas administrativas e prazos de tramitación.

A XUNTA OUTORGOU MÁIS DE 21 MILLÓNS DE EUROS EN AXUDAS PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE XÉNERO DESDE 2009 A TRAVÉS DOS CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER

- *O Consello da Xunta foi informado hoxe sobre as accións do Goberno galego na promoción da igualdade e a loita contra a violencia de xénero a través dos Centros de Información á Muller*
- *Tan só durante o ano pasado, os CIM atenderon un total de 79.290 consultas, fundamentalmente asesoramento xurídico e atención psicolóxica*
- *O Goberno galego vén de renovar o decreto que regula os CIM, que actualmente son 81 na nosa comunidade*
- *O novo decreto ten como obxectivo principal acadar unha mellora no servizo, tanto na promoción da igualdade como na prevención e loita contra a violencia de xénero*

O Consello da Xunta foi informado hoxe sobre a nova regulación dos Centros de Información á Muller, os CIM, como instrumentos de primeira orde na promoción da igualdade e a loita contra a violencia de xénero, como amosa o investimento do Goberno galego de 21,6 millóns de euros entre os anos 2009 e 2015 a través de convocatorias de axuda para o seu financiamento.

Desde a Xunta de Galicia considérase aos CIM instrumentos dunha importancia decisiva no ámbito local, por iso aposta pola súa promoción para seguir contando co seu labor diario.

Tan só durante o ano pasado, os Centros de Información á Muller atenderon un total de 79.290 consultas, fundamentalmente asesoramento xurídico (25.537) e atención psicolóxica (29.717). Pero leváronse a cabo tamén actuacións de orientación para o emprego (669), ou de atención a vítimas de violencia de xénero (2.148), entre outras. Con datos entre 2010 e 2015, nos CIM recibíronse 507.403 consultas e atendéronse máis de 196.000 persoas.

Neste eido cómpre recordar que acaba de entrar en vigor o novo decreto que establece os requisitos e o procedemento para o recoñecemento, modificación e extinción dos Centros de Información á Muller, os CIM, que actualmente na nosa comunidade son 81.

No ano 2004 publicouse no DOG o Decreto 182/2004, que regula os centros de información ás mulleres e establece os requisitos para o seu recoñecemento e funcionamento, polo que transcorridos máis de 10 anos de vixencia do dito decreto, precisa revisarse e actualizarse para dar cabida ás demandas e adaptarse á situación

actual da sociedade, co obxecto de dar continuidade e mellorar o servizo que prestan os CIM.

Este novo texto ten por obxecto establecer unha nova regulación dos requisitos e o procedemento para o recoñecemento dos centros de información á muller, así como as condicións de funcionamento, e o procedemento da extinción do recoñecemento destes centros na nosa comunidade.

O principal obxectivo deste novo decreto dos Centros de Información á Muller é conseguir unha mellora no servizo á cidadanía, tanto na promoción da igualdade de xénero mediante a información e o asesoramento, como na prevención e loita contra a violencia de xénero na nosa comunidade, xa que nestes últimos anos, os CIM foron un instrumento decisivo neste servizo prestado aos cidadáns galegos. Os CIM atenderán a todas as mulleres que o demanden así como a calquera persoa, sexa home ou muller, en asuntos relacionados coa promoción social da igualdade de xénero.

Cabe destacar que se establece como de carácter prioritario as actividades de prevención, información, asesoramento e loita en xeral contra a violencia de xénero, así como a atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero. Ademais, a atención poderase estender ás fillas e fillos e ás persoas menores ou maiores dependentes delas coa intención de reducir o impacto negativo que a situación de violencia produce nestas persoas. Tamén será prioritaria a atención a mulleres pertencentes a outros colectivos en situación de vulnerabilidade e/ou risco de exclusión social.

Entre as funcións que poderán desenvolver os CIM, incluírá tamén actividades de información e atención ao colectivo LGTBI, segundo a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, e establece que se apoiará un servizo de información, atención e asesoramento a lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais e ás súas familias e persoas achegadas, en colaboración cos gobernos locais.

A XUNTA AXILIZA A ELABORACIÓN DAS CONTAS DE 2017 PARA PRESENTAR O PROXECTO DE ORZAMENTOS NA PRIMEIRA SEMANA DE DECEMBRO

- *O Goberno galego prevé aprobar na terceira semana de novembro o proxecto de teito de gasto, que terá como referencia a estimación realizada en setembro*
- *A Consellería de Facenda pode pechar os orzamentos porque xa ten a certeza de cal será o obxectivo do déficit para 2017, logo de que as Cortes aprobasen esta semana a reforma da Lei de estabilidade*
- *Unha vez aprobado o proxecto de Lei de orzamentos, a Xunta enviarao ao Parlamento para iniciar a súa tramitación o antes posible*
- *Galicia beneficiase de ser a comunidade autónoma con maior estabilidade política*

A Xunta de Galicia axilizará a elaboración das contas autonómicas para 2017 co obxectivo de presentar o proxecto de orzamentos na primeira semana de decembro. Así consta no informe sobre o calendario de elaboración dos orzamentos para 2017 feito pola Consellería de Facenda e analizado no Consello da Xunta.

Previamente, o Goberno galego prevé aprobar na terceira semana de novembro o proxecto de lei de teito de gasto, que terá como referencia a estimación realizada pola Xunta a principios de setembro. O Goberno galego estima que o teito de gasto para 2017 medrará ata os 9.039 millóns, un 2,7% máis que o gasto incluído nos orzamentos do actual exercicio.

A Consellería de Facenda pode presentar un calendario de orzamentos unha vez que xa ten a certeza de cal será o obxectivo de déficit para 2017. Isto é posible porque as Cortes veñen de aprobar unha reforma da Lei de estabilidade que permitirá a ratificación dos obxectivos de estabilidade para as comunidades autónomas aprobados polo Consejo de Política Fiscal y Financiera, e que fixan un límite do 0,5% para o vindeiro exercicio.

Ademais, o proxecto de orzamentos terá como base a estimación de ingresos do sistema de financiamento realizada pola Xunta. No caso de que a Xunta reciba algunha información adicional, esta incorporarase ao proxecto de lei para actualizalo.

Deste xeito, o Goberno galego prevé presentar o proxecto de Lei de orzamentos para 2017 na primeira semana de decembro, e a continuación enviarao ao Parlamento autonómico para iniciar a súa tramitación na Cámara o antes posible.

Estabilidade política

Dende hai meses a Xunta marcou como obxectivo axilizar ao máximo a elaboración dos Orzamentos para 2017, para que a parálise política afectase o menos posible á

elaboración das contas autonómicas. O 2016 foi o primeiro exercicio no que Galicia non puido aprobar en prazo o teito de gasto, dada a situación de provisionalidade do Goberno do Estado.

Precisamente, Galicia vaise beneficiar agora de ser a comunidade autónoma con maior estabilidade política, xa que é a única que ten a certeza de que poderá aprobar as súas contas en canto sexa posible.

Crecemento económico

En canto aos indicadores macroeconómicos que formarán parte do Orzamento, a Xunta prevé que en 2017 o PIB galego seguirá medrando, cun crecemento que será do 2,3%, un avance inferior ao deste ano, a consecuencia principalmente do efecto do Brexit. Esta previsión tamén coincide coa do Goberno do Estado para o conxunto de España.

A previsión de taxa de paro de Galicia para 2017 estima unha baixada de case dous puntos respecto ao ano anterior, ata diminuír ao 15,6%. Deste xeito, Galicia manterá un diferencial positivo en taxa de paro de España de 2,2 puntos o vindeiro exercicio, dado que a estimación de paro para o conxunto do Estado é do 17,8%.

O Goberno galego prevé que Galicia manterá a senda trazada no Plan estratéxico ata 2020, tanto na evolución da taxa de paro coma no crecemento do PIB. De feito, no PEG prevese un crecemento medio do PIB no contorno do 2,5%, e a media do período 2016-17 quedaría no contorno do 2,7%

O CONSELLO DA XUNTA DÁLLE LUZ VERDE AO PLAN DE VIALIDADE INVERNAL 2016-2017 CUN DISPOSITIVO CON 26 CENTROS OPERATIVOS, CASE 500 PROFESIONAIS E MÁIS DE 5.200 TONELADAS DE FUNDENTES PARA GARANTIR A SEGURIDADE VIARIA

- *O Plan, que estará en funcionamento entre o 1 de novembro e o 30 de abril, aplícase en todas as estradas da rede autonómica, nun total de 5.500 quilómetros*
- *O obxectivo desta iniciativa é organizar os recursos co fin de garantir as condicións de vialidade na rede de estradas da comunidade, que se poden ver dificultadas no inverno por fortes choivas, placas de xeo, ou a aparición de neve*
- *As medidas que se van levar a cabo divídense en dous grandes grupos: preventivas, para anticiparse aos posibles problemas que poidan xurdir; e curativas, para incrementar a seguridade nas estradas*

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde ao Plan de vialidade invernal 2016- 2017, que se activará entre o 1 de novembro e o 30 de abril, coa posta en marcha dun dispositivo que recolle 26 centros operativos, máis de 5.200 toneladas de reservas de fundentes, 182 máquinas e case 500 profesionais.

Este Plan da Xunta de Galicia aplícase en todas as estradas da rede autonómica, contabilizándose un total de 5.500 quilómetros.

O obxectivo desta iniciativa é establecer a organización e os procedementos de actuación dos recursos dispostos pola Xunta co fin de garantir e mellorar as condicións de vialidade na rede de estradas da comunidade, que se poden ver dificultadas no inverno pola presenza de fortes choivas, a formación de placas de xeo, ou a aparición de neve, reducindo ao mínimo o número de tramos con restricións ao tráfico.

	CENTROS OPERATIVOS	RESERVAS DE FUNDENTES	MAQUINARIA	ACCESORIOS	PERSOAL
TOTAL	26	5.228 Tn en 27 acopios e 25 silos	73	109	468

A Coruña

Na provincia da Coruña, o Goberno galego dispón de 6 centros de conservación ordinaria e vialidade invernal e 2 subcentros.

No que se refire ás reservas de fundentes, esta zona conta con 3 plantas de salmoira e 1.163 toneladas distribuídas en amoreamentos e silos.

Este dispositivo disporá de 42 máquinas, entre as que se atopan camións, espaxadores de sal ou estendedores de salmoira; e un equipo formado por 139 operarios.

	Conservación ordinaria e vialidade invernal			Concesións
	Centro COEX	Subcentro de operacións	Subcentro de vialidade invernal	Centro COEX
ZONA NORTE	As Pontes	Betanzos	Betanzos (en subcentro)	AG-55 Seixurra e Bidueira
		As Pontes (en centro COEX)	As Pontes (en centro COEX)	
ZONA SUR	Santiago	Santiago (en centro COEX)	Santiago (en centro COEX)	AG-56 Pardiñas
		Baio	Baio (en subcentro)	AG-55 Costa da Morte-A Piolla AG-11 Boiro
TOTAL	2	2		4

Lugo

A provincia de Lugo dispón de dous centros operativos, un na zona norte, en Xermade, e outro na zona sur, no Incio. Cada unha destas localizacións dispoñen, a súa vez, de varios subcentros.

A Xunta dispón 4 plantas de salmoira que contan con máis de 1.740 toneladas de reservas de fundentes. Ademais, neste dispositivo traballarán un total de 118 profesionais, que disporán de 58 máquinas, entre as que se contabilizan camións ou espaxeadores de sal.

	Conservación ordinaria e vialidade invernal		
	Centro COEX	Subcentro de operacións	Subcentro de vialidade invernal
ZONA NORTE	Xermade	Xermade (en centro COEX)	Xermade (en centro COEX)
		Mondoñedo	Mondoñedo (en subcentro)
		O Cádavo (Baleira)	O Cádavo (Baleira) (en subcentro)
ZONA SUR	O Incio	O Incio (en centro Coex)	O Incio (en centro Coex)
		Monforte	
		Lugo	Lugo (en subcentro)
TOTAL	2	4	

Ourense

A provincia de Ourense dispón de 3 centros, que recollen outros 3 subcentros noutros puntos. O operativo contará con 1.935 toneladas de fundentes e 3 plantas de salmoira, 102 operarios e 50 máquinas.

	Conservación ordinaria e vialidade invernal			Concesións
	Centro COEX	Subcentro de operacións	Subcentro de vialidade invernal	Centros
OURENSE	Ourense	Ourense (en centro COEX)	Ourense (en centro COEX)	AG-53 e AG-54 Mouriz (Enlace de Cea)
		Celanova	Celanova (en subcentro)	
		Verín	Verín (en subcentro)	AG-31 A Merca (Enlace de A Merca)
		A Rúa	A Rúa (en subcentro)	
TOTAL	1	3		2

Pontevedra

A provincia de Pontevedra dispón de 4 centros e 2 subcentros de operacións e vialidade invernal. O dispositivo proxectado para garantir a seguridade viaria nesta área recolle case 400 toneladas de reservas de fundentes, repartidas en dúas plantas de salmoira.

Neste operativo tamén serán fundamentais os 108 profesionais que desenvolverán as tarefas necesarias coa axuda de 32 máquinas, entre as que destacan os camións, os espaxadores de sal ou as estendedoras de salmoira.

	Conservación ordinaria e vialidade invernal			Concesións
	Centro COEX	Subcentro de operacións	Subcentro de	Centros
ZONA NORTE	Pontevedra	Pontevedra (en centro COEX)	Pontevedra (en centro COEX)	AG-41 Mosteiro
		Lalín	Lalín (en subcentro)	
ZONA SUR	Salvaterra	Salvaterra (en centro COEX)	Salvaterra (en centro COEX)	AG-57 Toural
		Gondomar		
TOTAL	2	2		2

Protocolo de actuación

A Xunta ten establecido un procedemento para actuar en función das condicións meteorolóxicas nas que se atope a comunidade. As medidas divídense en dous grupos: preventivas, para anticiparse aos posibles problemas que poidan xurdir; e curativas, para garantir a vialidade e incrementar a seguridade nas estradas.

- Situación normal: aínda que non haxa previsión de xeadas ou neve, mantense unha constante vixilancia do tempo, consultando os partes e previsións meteorolóxicas.

- Previsión de xeadas: aplicaranse tratamentos preventivos, consistentes no esporexamento de fundentes, con dotacións baixas, nos treitos nos que sexa frecuente a aparición de placas de xeo; e realizarase un control especial das zonas problemáticas, e repetición do tratamento se é preciso.
- Existencia de xeadas: cando se detecte a presenza de placas de xeo nalgũa estrada complementarase o tratamento anterior co esporexamento de fundentes, con dotacións máis altas.
- Previsión de nevadas: esporexamento de sal ou salmoira nos tramos nos que se sexa frecuente a aparición de neve; control destas zonas problemáticas e repetición do tratamento se se detecta, debido á choiva, a perda do tratamento anterior.
- Existencia de neve: paso da coitela quitaneves e extensión de fundentes. A partir de aí, realizarase un control intenso das estradas afectadas por se fose necesario realizar sucesivas aplicacións destas medidas.

Fotos dos medios do plan de vialidade





O SERGAS IMPLANTARÁ NOS HOSPITAIS ÁLVARO CUNQUEIRO E LUCUS AUGUSTI UN SISTEMA DE LOCALIZACIÓN E GUIADO DE PACIENTES MEDIANTE UNHA APP MÓBIL

- *Permitirá que os pacientes poidan atopar de xeito rápido e sinxelo as instalacións de acceso público do centro: consultas, habitacións, cafetería, etc.*
- *Posibilitará obter automaticamente cita ao chegar ao centro, sen necesidade de empregar os quioscos nin os mostradores*

O Servizo Galego de Saúde porá en marcha o próximo mes de novembro un sistema pioneiro para a localización e guiado de pacientes no interior de varios dos seus centros. Deste xeito, a través dunha aplicación (app) móbil, os pacientes poderán guiarse dentro do Hospital Lucus Augusti e do Hospital Álvaro Cunqueiro do mesmo xeito que habitualmente se utiliza en exteriores mediante o sistema GPS.

Este sistema, desenvolvido dentro do marco do proxecto Hospital 2050, permite ofrecer un servizo de localización no interior de edificios onde non existe cobertura suficiente dos sinais de satélite utilizado polo GPS. A súa precisión ten unha marxe de erro inferior a 1 metro.

Ademais, ao sistema téñenselle incorporado funcionalidades como a asignación das quendas de consulta mediante a propia app, unha vez que o paciente estea no centro -xunto co guiado ata a sala de espera correspondente-, sen necesidade de empregar os quioscos habilitados para isto nin de acudir aos mostradores de cita.

Tamén inclúe a proposta de rutas no exterior ata o centro en que está programada a cita médica; a suxestión de rutas internas ata o punto público do hospital que se elixa; información sobre servizos non sanitarios do edificio (cafetería, prensa, etc.) e da súa contorna; e a comunicación dunha posición dentro do centro a outros usuarios da app que figuren como contactos.

Para o funcionamento desta aplicación móbil tense creado un sistema de cartografía de edificios para incorporar os mapas internos dos centros nos que funciona o sistema de guiado. Así mesmo, permitirá utilizar realidade aumentada -igual que nos xogos de última xeración- para orientarse, tanto en exteriores como en interiores.

Actualmente a app estase a probar por grupos de usuarios para validar o seu correcto funcionamento, e a finais de novembro está previsto que se faga accesible a toda a cidadanía para utilizar nos dous primeiros hospitais nos que estará dispoñible.

Neste sentido, o Hospital Lucus Augusti de Lugo, cunha superficie de 166.000 m², dá servizo a unha área poboacional de máis de 300.000 persoas; mentres que o Álvaro

Cunqueiro de Vigo, cunha superficie de 280.000 m², dá servizo a unha área poboacional de máis de 600.000 persoas. Neste centro, a navegación interna tamén funciona dentro do aparcadoiro.

Posteriormente, e antes de finais de ano, está previsto que o sistema se estenda ao Hospital Comarcal de Verín, a unha vintena de centros de saúde correspondentes á Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ourense e ao edificio administrativo da Consellería de Sanidade e do Sergas, en Santiago.

O PROGRAMA “XANTAR NA CASA” SERVE UN TOTAL 1.254 COMIDAS DIARIAS A PERSOAS MAIORES, DEPENDENTES OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN

- *A iniciativa desenvolvida pola Consellería de Política Social, a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar, está implantada en 151 concellos e o investimento previsto este ano na mesma ascende a 2,6 millóns de euros*
- *A prestación do servizo consiste na subministración dos xantares, un único día á semana, nos propios domicilios das persoas beneficiarias desta. Esta entrega faise en 14 bandexas diferentes co xantar para cada un dos 7 días da semana, que consiste nun primeiro prato, segundo prato, sobremesa e pan*
- *O prezo de cada menú é de 6,27 euros (IVE incluído); dos cales a Administración autonómica financia 2,93 euros; e o resto achégano a partes iguais o concello e os usuarios -1,67 euros cada un-.*

O programa “Xantar na Casa” que desenvolve a Consellería de Política Social, a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar, incrementou, en 2016, tanto o número de concellos adheridos como o de usuarios e usuarias e o seu orzamento. Así, esta acción está implantada en 151 concellos, serve 1.254 comidas diarias e o investimento previsto ao longo deste ano ascende a un total de 2.603.396,65 euros, segundo se recolle no informe sobre este do que hoxe deu conta o Consello da Xunta.

“Xantar na Casa” púxose en marcha en 2008 en 83 concellos das catro provincias galegas, aumentando progresivamente o número deles ata chegar aos 151 actuais, sendo os últimos en entrar Ribeira de Piquín, Camariñas e Silleda, que o fixeron este mesmo ano. Así mesmo, os beneficiarios desta iniciativa son hoxe en día un 3% máis que en 2015 e o orzamento global subiu un 26,5% con respecto á anualidade pasada.

O programa ten como obxectivo principal intervir de xeito directo na nutrición das persoas maiores da nosa comunidade, mellorando os hábitos alimenticios e, polo tanto, de xeito global a súa saúde e calidade de vida. Ademais de proporcionar aos beneficiarios unha alimentación de calidade e nutritiva, atendendo aos casos de xeito individualizado e con profesionalidade; “Xantar na Casa” tamén contribúe a evitar a deterioración da calidade de vida das persoas maiores e dependentes por teren unha dieta inadecuada; prevé situacións de risco que se poidan producir no proceso de preparación e elaboración da comida; facilita un respiro ás familias e aos cuidadores; e fai posible un seguimento e acompañamento individualizado de cada usuario/a do servizo por parte dos profesionais que acoden aos domicilios.

A prestación do servizo consiste na subministración dos xantares, un único día á semana, nos propios domicilios das persoas beneficiarias deste. Esta entrega faise en 14 bandexas diferentes co xantar para cada un dos 7 días da semana, que consiste

nun primeiro prato, segundo prato, sobremesa e pan. As persoas que fan uso deste servizo poden ter acceso a calquera tipo de dieta sempre e cando esta veña pautada polo seu médico. O transporte dos menús ata o domicilio das persoas usuarias do servizo realízase en vehículos adaptados mantendo a temperatura e a refrixeración imprescindibles para a conservación dos alimentos, entre 0 e 4 °C.

Para poder acceder ao servizo é imprescindible que as persoas dispoñan no seu domicilio de forno microondas, frigorífico e enxoval necesarios para a conservación, rexeneración e inxesta das comidas. No suposto que estas persoas non dispoñan de microondas ou frigorífico que se adapte ás necesidades que require a prestación do servizo, a Administración autonómica, a través da empresa adxudicataria do servizo, poñerá estes á disposición dos usuarios/as en réxime de depósito.

O persoal repartidor ensinará a persoa beneficiaria ou a persoas responsable da preparación das comidas o procedemento correcto para preparar os alimentos, retirar as comidas caducadas e revisar a temperatura do frigorífico. Igualmente informará e asesorará a persoa naquelas cuestións e dúbidas que presente respecto do servizo.

Poderán ser persoas usuarias de “Xantar na Casa” aquelas que residan no concellos de Galicia que teñan asinado co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar un convenio de colaboración do programa e que cumpran cos seguintes requisitos no momento de formular a correspondente solicitude: maiores de 60 anos que teñan limitada a súa capacidade de autonomía persoal e sen rede de apoio que puidese suplir tal situación; persoas dependentes que carezan de apoio familiar e que requiren de axuda para a preparación dos alimentos; e persoas menores de 60 anos en situación de exclusión social, tecnicamente avaliada polos Servizos Sociais da concello respectivo. O prezo de cada menú é de 6,27 euros (IVE incluído); dos cales a Administración autonómica financia 2,93 euros; e o resto achégano a partes iguais o concello e os usuarios -1,67 euros cada un-.

A valoración destes case 8 anos que leva funcionando “Xantar na Casa” é moi positiva, xa que a súa implantación supuxo unha mellora significativa no campo dos servizos sociais de proximidade en Galicia; atención domiciliaria aos usuarios do rural disperso no propio domicilio, concienciando a poboación da necesidade dunha dieta equilibrada e facilita unha axuda ás familias e cuidadores. Ademais, outro elemento positivo no funcionamento deste programa é a coordinación que existe entre os responsables do programa nos servizos do Consorcio e os traballadores/as sociais dos respectivos municipios, o que reflicte nunha mellora na rede de servizos sociais comunitarios.

A XUNTA AMPLÍA A DOTACIÓN ORZAMENTARIA PARA AXUDAS A INCORPORACIÓN DE MOZOS ATA OS 26 MILLÓNS DE EUROS

- *É o maior orzamento desde que se puxeron en marcha estas achegas*
- *Este sería o ano no que máis solicitudes se aprobaron, 657 en total*

A Xunta ampliará ata os 26 millóns de euros a dotación orzamentaria das axudas á incorporación de mozos para atender todas as solicitudes presentadas na convocatoria deste ano, 657 en total. Así se indica nun informe da Consellería do Medio Rural que foi avaliado hoxe polo Consello do Goberno galego.

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicará en breve unha orde neste sentido. Está previsto que no vindeiro mes de novembro se publique a resolución das achegas, que teñen por finalidade incrementar a competitividade e a rendibilidade das explotacións mediante a súa modernización e asegurar a continuidade do tecido agrario, fomentando a remuda xeracional. Estas axudas están cofinanciadas nun 2,5% pola Administración xeral do Estado, nun 22,5% pola Xunta e nun 75% polo Feader.

Con esta medida pásase dos 18 millóns de euros inicialmente previstos a 26, o que representa un aumento do 44%, sendo esta a convocatoria co maior orzamento desde que se puxeron en marcha estas achegas. Tamén, grazas a este incremento, será o ano co maior número de solicitudes aprobadas, 657, o que representa unha suba do 350% respecto do 2015 (entón houbo 146 expedientes aprobados).

Estas axudas van destinadas a aquelas persoas que, tendo cumpridos os 18 anos e non chegando aos 41, desexen crear ou incorporarse a unha actividade agraria e acaden a capacitación profesional suficiente. A contía básica de cada subvención sitúase arredor dos 20.000 euros, ampliables ata os 70.000. A concesión da axuda está supeditada ao cumprimento dun plan empresarial presentado polo mozo no que quede acreditada a viabilidade da explotación na que se incorpora.

Existen catro modalidades de incorporación que son a titularidade exclusiva, a cotitularidade dunha explotación, a integración como socio nunha entidade asociativa e o acceso mediante titularidade compartida. Á hora de conceder as axudas, dásele prioridade a criterios como os de instalarse a tempo completo, a localización en zonas desfavorecidas de montaña, crear emprego adicional ou poñer en marcha unha explotación ecolóxica ou mediante un proxecto innovador.

Deste xeito, a Xunta reafirma a súa aposta polo rural, coa consideración desta liña de axudas como estratéxica para fomentar a remuda xeracional nas explotacións agrarias e, ao mesmo tempo, paliar problemáticas coma o envellecemento dos profesionais agrarios e o abandono e despoboamento do campo galego.